

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027897	Paseo das Pontes	Coruña (A)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CBTCP11	Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3077	Materiais e produtos téxtiles	2023/2024	3	88	88

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA OLIMPIA FREIRE SAN LUIS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Estes profesionais adoitan exercer a súa actividade por conta propia como autónomo ou por conta allea en pequenas empresas ou talleres artesáns dedicados a realizar operacións de arranxos, adaptación e mantemento de pezas de vestir, roupa de fogar e complementos de decoración e de pel, ademais da reparación de calzado e marroquinaría, así como a realización de actividades complementarias de gornicionaría e, de ser o caso, de duplicado de chaves, en comercios de proximidade ou en instalacións industriais.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Axudante en pequenas tendas de arranxos de artigos téxtiles e de pel.
- Auxiliar en residencias de estudantes, de persoas maiores ou sanitarias tanto para arranxos de prendas de cama, de roupa dos residentes, ou de pezas de baño.
- Axudante/a de reparación de calzado e de copias de chaves ou mandos a distancia.
- Reparador/ora de artigos de marroquinaría.
- Axudante/a de marroquinaría.
- Costureiro/a á man ou con máquina doméstica.
- Costureiro/a zurcidor/ora.
- Modisto/a de arranxos e composturas.
- Operario/a de confección.
- Operario/a de modistaría.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			
					MP3077_00			
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4
1	Materiais e produtos téxtiles e as súas propiedades.	Características dos produtos téxtiles e etiquetas de conservación.	34	25	X			
2	Os elementos complementarios e as súas aplicacións.	Comprobar vales de mercancía e obxectos recibidos.	18	25		X		
3	Almacenaxe de materiais, produtos e elementos complementarios.	Acondicionar artigos, empaquetado e embolsado.	18	25			X	
4	Control de existencias do almacén.	Realizar inventarios e almacenaxe mínima no proceso produtivo.	18	25				X
Total:			88					

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Materiais e produtos téxtiles e as súas propiedades.	34

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recibe materiais e produtos téxtiles, e distingue as súas propiedades e as aplicacións	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer as propiedades das fibras naturais: animais, vexetais, minerais e das artificiais ou sintéticas. 1.2 Coñecer os diferentes tecidos de calada, non tecidos e de xénero de punto.	1	As materias téxtiles.	20,0
2.3 Coñecer as propiedades que transmiten os tratamentos especiais ás materias primas (branqueantes, tinturas, aprestos). 2.1 Coñecer os defectos e anomalías mais frecuentes ,tanto de orixen como os derivados de fabricación. 2.2 Coñecer os procesos de produción e obtención de peles e produtos téxtiles.	2	As características das pezas en función da súa natureza.	10,0
3.1 Coñecer a normalización da etiquetaxe que deben levar as pezas , segundo a orde establecida. 3.2 Coñecer as especificacións da ficha técnica do produto.	3	A etiquetaxe normalizada que deben levar as pezas.	4,0
TOTAL			34

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Relacionáronse as mercadorías recibidas co contido do albará	• LC.1 - Albaráns da mercadería	S	16
CA1.2 Diferenciáronse os materiais (tecidos, peles, elementos complementarios, etc.), en relación coas súas características e a súa aplicación	• PE.1 - Mostrario de tecidos	S	16
CA1.3 Clasificáronse os materiais en función das súas características (natureza, tamaño, grosor, defectos, etc.) e segundo a súa orixe e aplicación	• LC.2 - Outros materiais	N	5
CA1.4 Recoñecéronse os defectos e as anomalías máis frecuentes, tanto os de orixe natural como os derivados dos procesos de fabricación	• TO.1 - Observación	N	5
CA1.5 Descríbense os procesos básicos de produción de materiais, obtención de peles e produtos téxtiles	• PE.2 - Apuntes do profesor	S	16
CA1.6 Descríbense as propiedades e as características que transmiten os tratamentos ás materias primas (branqueamento, tintura, aprestos, etc.)	• PE.3 - Apuntes do profesor	N	5

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.7 Interpretáronse etiquetas normalizadas de composición e conservación	<ul style="list-style-type: none"> • PE.4 - Apuntes do profesor 	S	16
CA1.8 Verificouse a coincidencia das etiquetas coas especificacións da ficha técnica do material ou do produto	<ul style="list-style-type: none"> • LC.3 - Etiquetas dos produtos 	S	16
CA1.9 Empregouse tempo e esforzo en ampliar coñecementos e información complementaria	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 - Investigación do alumno 	N	5
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Operacións e comprobacións na recepción.</p> <p>0Tecidos non tecidos: características e obtención.</p> <p>Pel e coiro: natureza, clasificación, características, propiedades, procesos de transformación e aplicacións en confección. Principais defectos.</p> <p>Normativa referente á etiquetaxe de produtos téxtiles, accesorios e fornitureas.</p> <p>Documentos de entrada de produtos.</p> <p>Lectura e interpretación de etiquetas e de documentación técnica.</p> <p>Identificación de materiais en función da súa natureza e das súas características.</p> <p>Presentación comercial de materiais, peles e produtos téxtiles.</p> <p>Detección de defectos e anomalías nos materiais.</p> <p>Fibras naturais, artificiais e sintéticas: clasificación, características, propiedades.</p> <p>Fíos: tipos, identificación e procesos de transformación.</p> <p>Tecidos: calada e punto.</p>

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
As materias téxtiles. - Explicaranse as propiedades das materias téxtiles e ensinarase a distinguir os diferentes tecidos.	<ul style="list-style-type: none"> • Descrición das fibras téxtiles naturais vexetais. • Explicación das fibras téxtiles animais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar as fibras de liño. • Identificar as fibras de algodón. • Identificar as fibras de cánamo. • Identificar as fibras de lá. • Identificar as fibras de seda. 	<ul style="list-style-type: none"> • Mostrarios de tecidos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntamentos do tema. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 - Albaráns da mercaduría • LC.2 - Outros materiais • OU.1 - Investigación do alumno • PE.1 - Mostrario de tecidos • PE.2 - Apuntes do profesor • PE.3 - Apuntes do profesor 	20,0
As características das pezas en función da súa natureza. - Explicaranse as características das pezas en función da súa natureza.	<ul style="list-style-type: none"> • Identificación de materiais en función da súa natureza e das súas características. • Características dos tecidos non tecidos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer os defectos e anomalías máis frecuentes da orixe das fibras. • Coñecer os defectos derivados de fabricación. • Identificar os tecidos conglomerados. • Identificar os tecidos enfeltrados. 	<ul style="list-style-type: none"> • Identificación dos defectos e anomalías das fibras. 	<ul style="list-style-type: none"> • Mostras de tecidos. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.2 - Outros materiais • PE.2 - Apuntes do profesor • TO.1 - Observación 	10,0
A etiquetaxe normalizada que deben levar as pezas. - Explicarase a etiquetaxe que deben levar as pezas segundo a materia empregada	<ul style="list-style-type: none"> • Documentación e comprobación na recepción de entrada de produtos. • Interpretación de etiquetas e de documentación técnica. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer os distintos tipos de albaráns e documentación técnica na recepción de produtos. • Realizar a comprobación dos produtos recibidos segundo a documentación técnica. • Coñecer a normativa vixente referente á etiquetaxe de produtos téxtiles. 	<ul style="list-style-type: none"> • Comprobación das entradas de materiais mediante documentación técnica. • Coñecemento dos tipos de etiquetas que deben levar as pezas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Albaráns, fichas técnicas e mostrario de etiquetas. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.3 - Etiquetas dos produtos • OU.1 - Investigación do alumno • PE.4 - Apuntes do profesor • TO.1 - Observación 	4,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
		<ul style="list-style-type: none"> Realizar un mostrario de etiquetas. 				
TOTAL						34,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Os elementos complementarios e as súas aplicacións.	18

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recibe elementos complementarios, tendo en conta a relación entre as características destes e as súas aplicacións	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Comprobar si os elementos recibidos se corresponden cos solicitados.	1	Os elementos complementarios e as súas aplicacións.	9,0
1.2 Coñecer a composición do lote recibido e as condicións de protección na embalaxe.			
1.3 Coñecer os elementos recibidos e a súa aplicación.			
2.1 Coñecer as características dos elementos complementarios recibidos e a súa aplicación.	2	Os elementos complementarios e a súa terminoloxía.	9,0
2.2 Coñecer a terminoloxía correcta dos elementos recibidos.			

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
2.3 Comprobar a coincidencia das etiquetas coa ficha técnica do produto.			
TOTAL			18

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Determinouse a composición do lote recibido e as súas medidas de protección	• PE.1 - Apuntes do profesor	N	9
CA2.2 Comprobouse que os elementos recibidos se correspondan cos solicitados	• LC.1 - Documentación técnica	S	25
CA2.3 Identificáronse os elementos de recheo, de reforzo, de adorno, de suxeición, etc	• PE.2 - Apuntes do profesor	S	25
CA2.4 Diferenciáronse os elementos complementarios en relación coas súas características e a súa aplicación	• LC.2 - Fichas técnicas	N	8
CA2.5 Clasificáronse os elementos complementarios, empregando a terminoloxía correcta	• LC.3 - Documentación técnica	N	8
CA2.6 Verificouse a coincidencia das etiquetas coas especificacións da ficha técnica do material ou do produto	• LC.4 - Fichas técnicas	S	25
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
Lectura e interpretación de etiquetas e de documentación técnica.
Identificación de elementos complementarios en función da súa natureza e das súas características.
Presentación comercial de elementos complementarios.
Detección de defectos e anomalías.

Contidos
Pegamentos e colas, siliconas e disolventes: características e aplicación en confección.
Fornituras e avíos.
Complementos. Complementos de recheo ou reforzo.
Tinturas e ceras: tipos e aplicacións.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Os elementos complementarios e as súas aplicacións. - Explicaranse os elementos complementarios e as súas aplicacións	<ul style="list-style-type: none"> Descrición dos elementos recibidos e solicitados. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprobar os albaráns que se recibiron coa mercanca. Cotexar si o lote recibido concorda co solicitado. Comprobar se a mercanca chegou en boas condicións de protección. 	<ul style="list-style-type: none"> Produtos comprobados e almacenados para o seu destino. 	<ul style="list-style-type: none"> Facturas e albaráns para a comprobación. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Documentación técnica LC.4 - Fichas técnicas PE.1 - Apuntes do profesor PE.2 - Apuntes do profesor 	9,0
Os elementos complementarios e a súa terminoloxía. - Explicaranse as características e aplicacións dos elementos complementarios recibidos	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das características dos elementos complementarios. Comprobación das etiquetas coas fichas técnicas do produto. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecer as características dos elementos complementarios recibidos. Comprobar que coincida a información da ficha técnica coa da etiqueta do produto. 	<ul style="list-style-type: none"> Fichas técnicas realizadas e archivadas dos produtos recibidos. 	<ul style="list-style-type: none"> Fichas técnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Fichas técnicas LC.3 - Documentación técnica LC.4 - Fichas técnicas 	9,0
TOTAL						18,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Almacenaxe de materiais, produtos e elementos complementarios.	18

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Almacena os materiais e os produtos téxtiles e elementos complementarios, e xustifica a súa situación e as súas condicións de almacenamento	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer a forma de agrupar os produtos, segundo a fecha de almacenaxe, orixe e aplicación. 1.2 Coñecer as condicións básicas de manipulación e conservación. 1.3 Coñecer os defectos ocorridos como consecuencia dunha mala manipulación ou almacenaxe.	1	A almacenaxe dos produtos téxtiles e os elementos complementarios.	9,0
2.1 Coñecer as condicións ambientais do almacén de produtos e complementos. 2.2 Coñecer os tipos de presentación e embalaxe requiridos na almacenaxe e no transporte. 2.3 Coñecer as medidas de hixiene do almacén de mercancías.	2	As condicións de almacenaxe.	9,0
TOTAL			18

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Agrupáronse os produtos segundo a súa orixe e a súa aplicación	• LC.1 - Fichas técnicas	N	5
CA3.2 Indicáronse as condicións básicas de manipulación e conservación das materias téxtiles, das peles e dos elementos complementarios	• LC.2 - Fichas técnicas	S	19
CA3.3 Identificáronse os defectos ocorridos como consecuencia dunha mala manipulación ou dun mal almacenamento	• TO.1 - Fichas técnicas	N	5
CA3.4 Relaciónáronse as condicións ambientais (temperatura, humidade, luz, ventilación, etc.) e o procedemento de colocación no almacén coa integridade dos produtos almacenados	• PE.1 - Realización dun test	S	19
CA3.5 Asegurouse a rastrexabilidade dos produtos almacenados	• LC.3 - Fichas técnicas	N	5

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA3.6 Relacionáronse os tipos de presentación e embalaxe cos requisitos de almacenaxe e transporte	<ul style="list-style-type: none"> LC.4 - Fichas técnicas 	S	19
CA3.7 Indicáronse as condicións básicas de almacenamento e acondicionamento de materiais téxtiles, peles e elementos complementarios	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Realización dun test 	S	18
CA3.8 Respectáronse e aplicáronse as medidas de seguridade e prevención de riscos no almacén	<ul style="list-style-type: none"> LC.5 - Práctica realizada 	N	5
CA3.9 Mantívose sempre o almacén limpo e ordenado	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Práctica realizada 	N	5
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
Identificación e codificación de produtos. Almacenamento de materiais. Manipulación de artigos e materiais. Colocación, ordenación e óptimo aproveitamento do espazo. Limpeza e mantemento dos materiais téxtiles e de pel. Medidas de prevención de riscos no almacenamento e na manipulación.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A almacenaxe dos produtos téxtiles e os elementos complementarios. - Explicarase a almacenaxe dos produtos e dos elementos complementarios.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da identificación e codificación dos produtos almacenados. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar a identificación dos produtos a partir dunha ficha técnica. 	<ul style="list-style-type: none"> Colocación dos produtos almacenados e ben identificados. 	<ul style="list-style-type: none"> Os produtos recibidos e fichas técnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Fichas técnicas LC.2 - Fichas técnicas 	9,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das medidas de limpeza, orde e riscos na almacenaxe dos produtos. 	<ul style="list-style-type: none"> Colocar os produtos no almacén mantendo unha correcta manipulación. Analizar os riscos, orde e limpeza nos almacéns de produtos e materias. 			<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Realización dun test TO.1 - Fichas técnicas 	
As condicións de almacenaxe. - Explicaranse as condicións ambientais de almacenaxe.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da colocación e aproveitamento do espazo na almacenaxe de produtos e materiais, e das condicións ambientais que se debe dar nos locais. Explicación dos albaráns e das fichas de control de mercancías recibidas. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar a colocación dos produtos no almacén, aproveitando ben os espazos e seguindo a orde lóxica. Analizar as condicións ambientais dos locais. Interpretar os albaráns e realizar fichas técnicas e documentación requerida para o control de existencias. 	<ul style="list-style-type: none"> O aproveitamento dos espazos no almacén de produtos. 	<ul style="list-style-type: none"> Albaráns e fichas de control de existencias. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.3 - Fichas técnicas LC.4 - Fichas técnicas LC.5 - Práctica realizada PE.1 - Realización dun test PE.2 - Realización dun test TO.2 - Práctica realizada 	9,0
TOTAL						18,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Control de existencias do almacén.	18

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Controla as existencias do almacén e xustifica a almacenaxe mínima	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer a realización do inventario de produtos no almacén e a elaboración de partes de incidencias. 1.2 Coñecer a estocaxe mínima que debe existir no almacén. 1.3 Coñecer a almacenaxe mínima co tempo de aprovisionamento dos provedores.	1	O control de existencias do almacén.	9,0
2.1 Coñecer os programas informáticos no uso de control de mercaderías do almacén. 2.2 Coñecer os rexistros de entradas e saídas de existencias, utilizando os arquivos correspondentes.	2	As ferramentas informáticas no control do almacén.	9,0
TOTAL			18

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Realízouse o inventario de produtos existentes no almacén, elaborando partes de incidencia en caso necesario	• LC.1 - Documentación técnica	S	15
CA4.2 Describiuse a documentación técnica relacionada co almacén	• PE.1 - Apuntes do profesor	S	15
CA4.3 Relacionouse a almacenaxe mínima co tempo de aprovisionamento dos/das provedores/as	• LC.2 - Taboas de stokaxe	N	4
CA4.4 Identificáronse os tipos de almacenaxe e de inventario, e as súas variables	• PE.2 - Apuntes do profesor	S	15
CA4.5 Sinaláronse os mecanismos que se empregan para asegurar a renovación de almacenaxes	• LC.3 - Documentación técnica	N	3
CA4.6 Aplicáronse ferramentas informáticas no control do almacén	• TO.1 - Equipos informáticos	S	15
CA4.7 Rexistráronse as entradas e as saídas de existencias, actualizando os arquivos correspondentes	• LC.4 - Registros informáticos	N	3
CA4.8 Elaborouse con claridade a información asociada ao control do almacén, de maneira ordenada, estruturada, clara e precisa	• PE.3 - Apuntes do profesor	S	15

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA4.9 Valorouse a relevancia do control de almacén no proceso produtivo	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Apuntes do profesor 	S	15
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Xestión dun pequeno almacén.</p> <p>Control de existencias. Tipos de almacenaxe.</p> <p>Aplicación de tecnoloxías da información e da comunicación na xestión do almacén. Follas de cálculo, procesadores de texto e aplicacións específicas.</p>

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O control de existencias do almacén. - Explicaranse as técnicas de control de existencias do almacén.	<ul style="list-style-type: none"> Manipulación de artigos e materiais. Descrición dos distintos tipos de almacéns. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizara a colocación e ordenación dos artigos e materiais. Realizar o correcto aproveitamento dos espazos. Realizar sobre fichas técnicas o control de existencias dos almacéns. Realizar o control de existencias dos distintos tipos de almacéns. 	<ul style="list-style-type: none"> Descrición de diferentes tipos de almacéns e o correcto aproveitamento. 	<ul style="list-style-type: none"> Fichas técnicas de control de existencias 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Documentación técnica LC.2 - Taboas de stokaxe LC.3 - Documentación técnica PE.1 - Apuntes do profesor PE.2 - Apuntes do profesor PE.4 - Apuntes do profesor 	9,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
As ferramentas informáticas no control do almacén. - Explicar os rexistros de mercadería por sistemas informáticos	<ul style="list-style-type: none"> Xestión dun pequeno almacén. Aplicación da tecnoloxía na xestión dos almacéns. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar a xestión dun pequeno almacén. Realizar o control de existencias dun pequeno almacén. Realizar, sobre aplicacións informáticas, os rexistros da mercadería dos almacéns. Realizar follas de cálculo na xestión dun pequeno almacén. 	<ul style="list-style-type: none"> A realización da xestión dun pequeno almacén mediante aplicacións informáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores e fichas técnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.3 - Documentación técnica LC.4 - Registros informáticos PE.1 - Apuntes do profesor PE.3 - Apuntes do profesor PE.4 - Apuntes do profesor TO.1 - Equipos informáticos 	9,0
TOTAL						18,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES

- Coñecer os documentos de entrada de produtos.
- Comprobación dos albaráns e documentación técnica.
- As clases de fibras: naturais (vexetais e animais) e químicas.
- Coñecer os tecidos de calada, os non tecidos e os de xénero de punto.
- Coñecer a normativa da etiquetaxe e símbolos de conservación.
- Coñecer as fornitureas e avíos para as pezas de vestir.
- Coñecer as normas de almacenaxe de produtos e materiais.
- A manipulación, ordenación e óptimo aproveitamento dos espazos na almacenaxe.
- Saber realizar o control de existencias e a xestión dun pequeno almacén.



CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación para cada unha das avaliacións son os seguintes:

A.- Proba escrita (50%): probas teóricas de resposta curta acerca da materia teórica vista no módulo.

B.- Proba de desenvolvemento con Táboas de observación (50%): traballos prácticos realizados na aula/taller, a execución correcta de exercicios individuais nun tempo establecido, o rigor empregado na realización das actividades, o grao de orde, limpeza e presentación.

A non presentación dos traballos na data marcada, contara como non entregado.

Dentro de este apartado se valorará que o alumnado debe ter presente en todo momento o respecto polo traballo e o material, bo comportamento, atención, non uso do móbil na clase e ter unha boa actitude ante o traballo.

- Os traballos propostos en cada trimestre teñen que estar rematados e entregados.

- A nota mínima tanto nos apartados A e B para poder facer media ten que alcanzar os mínimos exixibles reflexados na programación.

- Copiar nun exame, sexa falando cun compañeiro, mirando cara ao exame dun compañeiro ou mediante o uso do teléfono móbil será motivo de suspenso.

O curso académico consta de:

- Dúas avaliacións .

- O alumnado que non superase as probas de 1º trimestre ou do 2º ou ambas, farase unhas probas previa a FCT no mes de marzo.

- O período de recuperación para o alumnado que no supere o módulo, será dende o segundo trimestre a Xuño (período de realización FCT).

- O alumnado terá unha proba escrita e entrega de traballos que non foron entregados ou que non acadaron unha valoración positiva.

- O peso da calificación: 50% de coñecementos e 50% entrega de traballos.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

RECUPERACIÓN da 1ª ou 2ª AVALIACIÓN

Realizaranse actividades de recuperación atendendo ao informe individualizado de cada alumno, repetindo as tarefas e realizando probas teórico-prácticas segundo proceda despois da 2ª avaliación.

Os criterios de calificación serán os mesmos que os indicados no punto 5 de esta programación.
50% entrega de traballos 50% proba de coñecemento, non facendo nota media se algún dos apartados ten unha nota inferior a 4 puntos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

As probas extraordinarias se levaran a cabo no periodo de marzo - xuño, pero non aplicando a perda da avaliación continua a formación básica.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Ao termo de cada unha das UD's teránse en conta os seguintes puntos:

- Cumpríronse os obxetivos programados para esa UD?
- O tempo establecido para cada UD foi o axeitado?
- A metodoloxía empregada foi a acertada?
- A motivación que se aplicou deu resultado?

Nos apartados nos que a resposta sexa negativa tratarase de correxila ao longo das posteriores UD

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso, nos primeiros días de clase, levarase a cabo unha avaliación inicial co fin de coñecer ben ao alumnado e así poder clasificar o seu nivel. Esta proba consistirá en preguntas sinxelas e curtas que versen sobre o módulo de Materiais e produtos téxtiles para poder constatar os coñecementos previos do alumnado e así poder avaliar posteriormente a súa progresión.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Serán de aplicación ao alumnado con NEE as seguintes adaptacións metodolóxicas:

- Secuenciar de forma pormenorizada os contidos e procedementos nas súas fases máis sinxelas aplicando o establecido no apartado de contidos mínimos.
- Comunicar clara e concisamente as normas de realización das tarefas secuenciadas en inicio, realización e finalización.
- Controlar o tempo de realización das diferentes actividades con marcadores que as acoten.
- Prestar especial atención a este alumnado e adicación nas clases.
- Reforzar a aqueles alumnos/as que vaian cun ritmo máis lento.
- Adicarlles tempo, reforzo e axuda para conseguir que se sintan integrados no grupo/clase.
- Tratar de que se responsabilicen no seu traballo con certos límites e normas e sempre con reforzo positivo.
- A visión da persoa será integral e o desenvolvemento do traballo será cooperativo.
- Empregar os mesmos materiais que o resto do alumnado para fomentar a participación e sempre dende os propios intereses.

Se hai algún caso de alumnado con ALTAS CAPACIDADES teremos que telo en conta e plantexarlle máis actividades e de maior complexidade para mantelo/a motivado/a.

A ORDE do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.

No CAPÍTULO VI- ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS dispón:

Artigo 27. Escolarización: o alumnado con necesidades educativas especiais que curse un ciclo formativo da formación profesional básica incorporarase, con carácter xeral, co resto do alumnado.

Artigo 28. Flexibilización modular: cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, este alumnado poderá ser autorizado para cursar os módulos do ciclo formativo, mantendo a carga semanal prevista con carácter xeral para cada curso académico:

- a) Cunha temporalización e distribución por cursos distinta á establecida con carácter xeral.
- b) Excepcionalmente, de xeito fragmentado por cursos cunha ampliación a dous ou a tres anos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Inculcaránselle ao alumnado valores como:

- Respecto cara os/as compañeiros/as ben sexa por razón de sexo, raza, relixión ou ideas políticas.
- Prestar axuda aos demais sempre que estes a precisen.
- Ter en conta os sentimentos dos compañeiros/as e actuar con empatía.
- Ser educado coas profesoras e cos/as compañeiros/as.
- Coidar as pertenzas propias, respectar as dos demais e as do entorno escolar.
- Observar e respectar as medidas de Seguridade e Hixiene.
- Potenciar a conservación do patrimonio cultural de Galiza e contribuir á conservación de tradicións, técnicas, usos, costumes e saberes.
- Facilitar a plena integración lingüística do alumnado procedente de fóra de Galicia.
- Orientar as actividades de ensino aprendizaxe dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Realizaráanse visitas recomendables para ampliar a formación que serán programadas durante o curso.

As ACF (Actividades Complementarias á Formación) son de carácter obrigatorio.

- Visitas a empresas de confección
- Feiras e exposicións relacionadas co sector téxtil.

10. Outros apartados

10.1) Metodoloxía

Adaptarase ao grupo clase xa que é unha materia maioritariamente teórica e temos que tratar de facela dinámica e práctica debido ao perfil do alumnado da FP Básica.

As explicacións aparte de teóricas serán demostrativas para afianzar de forma visual os contidos das explicacións.

Farase uso da aula virtual moodle, na que estará documentación de interese para o alumnado.

Nas primeiras semanas de clase, ou cando sexa necesario, realizaranse probas co alumnado en grupo ou de forma individual ,para ensinalles como usar ou conectarse as videoconferencias, aula virtual moodle, enviar documentos por correo, creación de documentos, etc, debido a que o grupo en xeral descoñece o seu uso ou non dispón de equipos informáticos.

10.2) Recursos

Empregaremos os recursos existentes no centro, tanto a recepción do material, como o almacén do mesmo e o material propiamente dito, para poder elaborar mostrarios dos diferentes materiais (tecidos, peles, fornituras, etc.), a recepción de mercadorías e o control do almacén.

10.3) Temporalización

Dispomos de 105 sesións para levar a cabo a programación cando o tempo estimado é de 88 sesións, así que realizaremos as actividades de realización de mostrarios máis completas para que coñezan a maior parte dos tecidos, as peles e as fornituras que temos no centro.

10.4) Unidades didácticas

Cerraranse só cando rematemos coas actividades programadas e completemos os mostrarios realizados polo alumnado.